



RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS CULTURAIS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE CEE 2025.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/001099

ANTECEDENTES:

EXPEDIENTE Nº **2025.A002.000005**

Logo de ver a proposta da comisión avaliadora, de data 04/12/2025, que revisou a documentación xustificativa presentada polas diferentes asociacións culturais que obtiveron concesión na convocatoria de subvencións para actividades culturais, mediante libre concorrência competitiva, do Concello de Cee 2025 (BOP nº 72 do 15/04/2025).

De acordo co informe da comisión avaliadora:

- As entidades culturais que presentaron solicitude fixérono a través dos seus representantes legais.
- As entidades culturais que presentaron solicitude de subvención cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras (punto 4).
- As entidades culturais presentaron en prazo tanto as solicitudes como as xustificacións, establecido nas bases reguladoras (punto 6 e punto 12.2 respectivamente).

Considerando que, unha vez revisada a documentación xustificativa presentada polas entidades solicitantes, a comisión avaliadora considera correctamente xustificados os importes indicados.

Logo de ver o informe de fiscalización de CONFORMIDADE, emitido pola interventora municipal Rosa María Fernández Canosa, con data 11/12/2025, co asunto: Justificación de subvenciones en concurrencia: cultura 2025.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. Aprobar a documentación xustificativa de gastos presentada polas asociacións culturais que se relacionan a continuación, respecto da convocatoria de subvencións para actividades culturais, mediante libre concorrência competitiva, do Concello de Cee 2025, e **ordenar o aboamento** ao seu favor das **subvencións** nominativas que se indican:

ENTIDADE	IMPORTE XUSTIFICADO A ABOAR
A.R.C.E. PEDRAS MIUDAS	2.000,00
A.D. CULTURAL BRENS	1.552,92
CORAL POLIFONICA COSTA DA MORTE	2.000,00
ASOCIACIÓN TERRA DE SENA	2.000,00
A.C. AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA DE CEE	1.222,75
ASOCIACIÓN PASENIÑO	1.228,49



Exp. 2025/G003/001099

ASOC RECR DEP E CULT COMISION DE FESTAS DE SAN ADRIAN DE TOBA	1.373,44
A.D. NOVAS XUVENTUDES	1.344,74
SDCR FUMES DO CAL	2.000,00
ASOCIACIÓN SAN ANTONIO XALLAS	657,30
ASOC. PAN DE RAPOSO	1.661,91
TOTAL	17.042 €

2º. Debe comprobarse que os beneficiarios das subvencións non teñen débedas tributarias ou coa Seguridade Social pendente ou calquera outra incidencia que a xuízo da Tesourería municipal impida o seu pagamento efectivo.

3º. As subvencións e o seu pagamento deben ser obxecto de publicidade na BNS.

4º. Darlle traslado da presente resolución á Tesourería e a Intervención municipais.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]